

POLÍTICA DE CALIDADE

A dirección da Cocina Económica de Ferrol (CEF) establece unha política de calidade que proporcione un marco de referencia para establecer e revisar os obxetivos de calidade, que debe ser coñecida e entendida por todos os membros da entidade e que compromete á entidade no seu conxunto e a todos os seus membros a cumprir cós requisitos do sistema implantado e a mellorar continuamente a súa eficacia, sempre no marco da misión xeral da organización. A Cocina Económica de Ferrol, en cumprimento da normativa vixente, establece os seus compromisos baixo a premisa do cumprimento da Norma ISO 9001:2008 e dos requisitos legais e reglamentarios ós que está sujeta.

A Alta Dirección asegúrase de que a Política de Calidade:

- a) Sexa adecuada á Misión e ó propósito dos Servizos.
- b) Inclúa o compromiso de cumprir os requisitos, tanto legais como os da ISO 9001:2015, e de mellorar continuamente o Sistema de Xestión de Calidade.
- c) Proporcione un marco de referencia para establecer e revisar os Obxetivos de Calidade.
- d) Sexa comunicada e entendida por toda a entidade.
- e) Sexa revisada para conseguir unha continua adecuación

A Política de Calidade determina os seguintes compromisos e obxetivos:

Xerais

- Asegurar a satisfacción dos nosos clientes.
- Incrementar e consolidar a innovación nun ámbito de mellora continua.
- Dispor da flexibilidade suficiente para adaptarse ós requisitos dos nosos clientes.
- Contar co personal coa formación e a motivación suficientes, e así conseguir a mellora dos procesos e a súa orientación á satisfacción dos clientes e do propio persoal.

- Fomentar os principios de profesionalidade, eficiencia e especialización relacionados coa competencia profesional para a consecución de logros.
- Preservar, incrementar e consolidar a innovación e o aprendizaxe no dominio dos procesos de xestión e operativos nun ámbito de mellora continúa.

Específicos

- Aumentar o grado de sensibilización pública en relación coa situación que viven as persoas que experimentan pobreza e exclusión social.
- Plantear que a loita contra a pobreza non é unicamente responsabilidade das entidades sociais e dos poderes públicos senón que recae sobre a sociedade no seu conxunto.
- Procurar un seguimento constante das necesidades das persoas desfavorecidas para axustar a nosa intervención ás mesmas.
- Garantizar unha atención personalizada ás persoas usuarias.
- Prestar a información, asesoramento, orientación e coordinación necesaria ás familias e persoas usuarias.

Además a CEF comprométese, en relación a outros grupos de interese:

Traballadores

- Ofrecer un espazo de información e formación continua.
- Facilitar a promoción interna, o recoñecemento e un clima de diálogo
- Fomentar o traballo en equipo
- Prever e eliminar as situacións constitutivas de acoso, abuso e/ou agresión así como calquer outra actitude ou feito de carácter violento

Metas:

- Exercicio de responsabilidade da entidade para cos seus traballadoras/es.
- Sensibilización por parte da Xunta directiva á hora de promover situacións igualitarias e crear un bó ambiente laboral.
- Intolerancia de calquer exercicio de violencia e actuación inmediata ante a mesma.

COCINA ECONÓMICA FERROL


C/ Rubalcava 29, 15402 Ferrol
Tlfn: 981353117/Fax: 981350095
E-mail: ceconomica@gmail.com
Web: www.cocinaeconomicaferrol.com



Financiadores (Colaboradores, Proveedores e Administración)

- Transparencia total
- Xestión eficiente
- Cumplimento da normativa vigente

Antonio Tostado Naveiras



Presidente

